

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas do día 13 de outubro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do "PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES.

ASISTENTES:

Presidente: O alcalde-presidente do concello de Ames Santiago V. Amor Barreiro

Vogais:

- A secretaria accidental do concello dona Concepción Vilas Cantelar
- O interventor do concello don José Antonio Rueda de Valenzuela
- A concelleira delegada de Medio Ambiente dona María Eugenia Martín Vicente.
- A arquitecta técnica municipal do concello de Ames dona María Gamundi Fernández

Secretaria: Dona María Ofir Aboy García, funcionaria do departamento de secretaría.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato de servizo público do "ciclo integral da auga" no concello de Ames.

A continuación procédese a apertura do devandito sobre "A" nomeado "documentación administrativa", resultando o seguinte:

Primeiro.- O licitador Gestión y Técnicas del Agua S.A, con CIF A- 78139755 presenta a declaración responsable prevista no artigo 146.4 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector (TRLCSP).

Segundo.- Unión Temporal de Empresas constituída por Acciona Agua Servicios SLU con CIF B-86774528 e Espina Obras Hidráulicas S.A con CIF A-15168156 presenta a declaración responsable prevista no artigo 146.4 do TRLCSP, así como o compromiso ao que se refire o artigo 59 do TRLCSP.

Terceiro.- O licitador Hidrantia Gestión integral del Agua S.L con CIF B-70409073 non opta pola presentación da declaración responsable prevista no artigo 146.4 do TRLCSP, presentando a documentación prevista no artigo 146.1 do TRLCSP, pero non presenta toda a documentación esixida nos pregos, faltando concretamente a seguinte documentación:

- 1.A proposición é asinada unicamente por un dos representantes mancomunados.
- 2.Non presenta orixinais (ou compulsas válidas) da documentación acreditativa da capacidade de obrar, representación e solvencia.
- 3.Non presenta o DNI do administrador mancomunado don Luis Ordax Rodríguez nin

a declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar ca administración, asinada polos representantes da empresa.

4. Integración da solvencia con medios externos: os compromisos aportados por outras entidades non detallan os medios a achegar para a execución do contrato, o que impide valorar a solvencia da proposición.

5. Non se presenta declaracións de solvencia económica emitidas polo menos por dúas entidades financeiras diferentes.

6. Non presenta certificacións administrativas de estar a prestar ou ter prestado servizos de abastecemento de auga ou saneamento e depuración de forma conxunta ou separada en polo menos dous municipios e que a poboación dun deles sexa de mais de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas.

Cuarto.- O licitador José Manuel Vale Vale, con NIF 33307196-E, ademais de presentar a declaración responsable prevista no artigo 146.4 do TRLCSP presenta a documentación a que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCP, se ben a mesma:

- A mosas salvedades no que se refire á aceptación dos pregos (aceptación de carácter necesariamente incondicionada, segundo establece expresamente a cláusula 40.III do prego de administrativas particulares),
- Revela o importe mínimo do canon anual ofertado ao Concello, sendo esta unha información a incluír no sobre C. Ao revelar a súa oferta económica con carácter previo á apertura pública das proposicións económicas, dita oferta debe quedar invalidada ao contravenir a esixencia legal contida no artigo 145.2 TRLCSP de que estas son secretas até o momento da licitación pública.

En consecuencia, e despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto nos pregos que rexen a licitación e no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

PRIMEIRO.- Declarar admitidas no presente procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, do servizo público denominado "Ciclo integral da Auga no concello de Ames" ás seguintes empresas:

- A empresa Gestión y Técnicas del Agua S.A, con CIF A- 78139755
- A Unión Temporal de Empresas constituída por Acciona Agua Servicios SLU, con CIF B-86774528 e Espina Obras Hidráulicas S.A, con CIF A-15168156

SEGUNDO.- Requiritr á empresa Hidrantia Gestión integral del Agua S.L con CIF B-70409073 para que emende a súa proposición, prestando a seguinte documentación no prazo de tres días hábiles:

1. *Proposición asinada polos dous representantes mancomunados.*
2. *Orixinais (ou compulsas válidas) da documentación acreditativa da capacidade de obrar, representación e solvencia.*
3. *DNI do administrador mancomunado don Luis Ordax Rodríguez e a declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar ca administración, asinada polos representantes da empresa.*
4. *No que se refire á integración da solvencia con medios externos, os compromisos aportados por outras entidades deberán precisar de xeito detallado os medios a achegar para a execución do contrato, de modo que permitan valorar a solvencia da proposición.*
5. *Declaracións de solvencia económica emitidas cando menos por dúas entidades financeiras.*
6. *Certificacións administrativas acreditativas de estar a prestar ou ter prestado servizos de abastecemento de auga ou saneamento e depuración de forma conxunta ou separada en polo menos dous municipios e que a poboación dun deles sexa de mais de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas.*

Advírteselle que de non proceder á subsanación de defectos e omisións da solicitude presentada procederase ó rexeitamento da súa proposición.

TERCEIRO.- Excluir o licitador José Manuel Vale Vale con NIF 33307196-E por non cumprir co disposto no artigo 145 do TRLCSP, ao non se axustar a súa proposición ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, na medida en que:

- A proposición non supón por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares, nin do de prescricións técnicas,
- A documentación contida no sobre A revela o importe mínimo do canon anual ofertado ao Concello, vulnerando o carácter secreto da proposición económica a incluír no sobre C.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as 12 horas e 50 minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.



